



CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviñao 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

BASES REGULADORAS DA PARTICIPACIÓN, CONCESIÓN DE AXUDAS E OUTORGAMENTO DE PREMIOS ÁS AGRUPACIÓNS CARNAVALESCAS NO ENTROIDO 2019

O Concello de O Saviñao co obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o día 5 de marzo do 2019, con motivo da celebración das Festas do próximo Entroido, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán ás agrupacións carnavalescas que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes:

BASES

PRIMEIRA.- Poderán participar nos actos programados polo Concello de O Saviñao con motivo das festas do Entroido 2019 e ser beneficiarios destas axudas, calquera asociación ou entidade legalmente constituída así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións previstas nestas bases. Neste último caso, os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar en nome do grupo.

Só se poderá presentar unha solicitude por entidade ou grupo.

SEGUNDA.- Para obter as axudas previstas nestas bases será necesario cumprir as seguintes condicións:

- 1.- O número mínimo de integrantes da agrupación será de sete (7) persoas no caso de comparsas e un máximo de seis (6) en individuais.
- 2.- Tódolos membros da agrupación terán que ir ataviados con atuendos propios do carnaval con unha mínima calidade artística, debendo ser iguais ou integrados no motivo carnavalesco elixido, sen que poida coincidir co utilizado nalgunha da última edición.
- 3.- A agrupación deberá participar ó completo e dunha forma activa no desfile do 05/03/2019.

No desfile que se celebrará o martes de Entroido, deberá ir claramente identificada cun cartel, pancarta ou similar onde figure de forma visible o nome legal da entidade ou o nome dado á agrupación carnavalesca. A participación levarase a cabo na orde que lle sexa asignada a cada unha delas polos membros da organización.

A organización comprobará no lugar de saída do desfile a presenza das agrupacións conforme á ficha de inscrición presentada.

- 4.- Se a agrupación se acompaña de algún tipo de artiluxio ou artefacto, debe velar en todo momento pola seguridade dos participantes e público asistente, quedando prohibida a utilización de calquera material pirotécnico.



CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviñao 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

5.- As entidades participantes deberán obedecer as instrucións que lles indiquen a Organización e Garda Civil durante todo o percorrido.

6.- As agrupacións deberán inscribirse e aportar a documentación necesaria no concello antes do día 4 de Febreiro de 2019 ás 14:00 horas para poder optar a premios.

TERCEIRA.- PREMIOS

A contía total de crédito destinado a estas axudas é de 2.000,00 €. Todas as comparsas, agás as premiadas co 1º, 2º ou 3º posto en calquera das categorías, recibirán un premio de participación:

- Comparsas con < 15 membros: 60 €
- Comparsas con \geq 15 membros: 100 €.

Ata alcanzar o crédito dispoñible. No caso de que non sexa suficiente prorrataranse as cantidades previstas en función do número de comparsas participantes.

As axudas outorgaranse atendendo ós seguintes criterios:

- Nivel dos disfraces
- Nivel da carroza
- Espectáculo
- Representación
- Estética

As cantidades serán as seguintes:

A) Comparsas:

A1) Categoría Infantil (> 50 % menores de 14)

1º.- 300 €

2º.- 250 €

3º.- 150 €

A2) Categoría Xeral

1º.- 300 €

2º.- 250 €

3º.- 150 €



CONCELLO DE O SAVIÑO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviño 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

A3) Premios especiais:

- Premio especial á mellor animación: 50 €
- Premio especial á mellor carroza: 50 €

B) Disfraces individuais:

1º.- 60,00 €

2º.- 30,00 €

Os premios serán outorgados por un xurado:

- Presidente: D^a Belén Rodríguez Expósito.
- Vocais: D. Luis Fuentes Rial e D^a María Teresa Gallardo Palomino.

A entrega dos premios realizarase a partir do día 06/03/2019 de acordo co resultado que reflicta a acta realizada polo xurado o día 05/03/2019 unha vez realizado o desfile, mediante transferencia bancaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE